

ANUNCIO.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de novembro do ano en curso, acordou **aprobar inicialmente** o “**Plano de Sectorización da finca ZARRA DA VENTUREIRA**”, así como o **Informe de Sostibilidade Ambiental (I.S.A.) e proposta de memoria ambiental**”, redactados a instancias de D. Ramón M^a García Guitián e outros, na súa condición de propietarios únicos dos terreos afectados, polos arquitectos D. Daniel Rodríguez Fernández e D. José Martínez Rodríguez, da consultora “*G. de Arquitectura X.D.F., S.L.*”. Os citados documentos contan con visado colexial de data 10-6-2008, e que foron presentados no Concello o 10 de xullo do ano en curso (registro de entrada nº 4176); o plano nº 5 do devandito plano de sectorización queda substituído polo plano do mesmo número, achegado xunto co documento Anexo I de fixación do emprazamento da edificabilidade proxectada que se reserva para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, asinado polos mesmos técnicos, visado o día 2-10-2008, e presentado no Concello o día 9 de outubro seguinte, nº 5857 de orde.

En cumprimento do establecido no art. 86º.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co art. 7.5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, **sométense os devanditos documentos a información pública e fase de consultas para as Administracións Públicas afectadas e público interesado, polo prazo de dous meses**, a contar dende a data de publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, podendo ser consultado na Oficina de Urbanismo do Concello e na páxina web do Concello de Lalín, no seguinte enlace: http://www.lalin.org/sectorizacion_zarra.asp

Sen prexuízo da notificación persoal ós propietarios dos terreos afectados, e para os efectos establecido no art. 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o presente anuncio serve de notificación a tódolos interesados que, ben por resultaren descoñecidos, ignorado o lugar de notificación ou intentada esta non puido ser practicada.

Lalín, 19 de novembro de 2008.

O Concelleiro Delegado de Urbanismo.

Asdo. Román Rodríguez González.